

novas en branco e negro

Número 20 • Febreiro 2005

Resumo de actividade
da Federación en 2004

IX Subhasta Top-Bos



I Concurso Luso-Galaico
da Raça Holstein Frisia



XENÉTICA FONTAO



SIX

(Wade x Juror x Mascot)



LANDOI

(Rudolph x Merrill x Blackstar)



CADOS

(Magley x Luke x Tesk)



ICESHOW

(Aeroline x Luke x Mascot)



MIRA

(Storm x Merrill x Blackstar)



ZARZO


(Storm x Astre x Cleitus)



VEIGUEIRO ICESHOW CANALETA



CAMPAÑA ZARZO 45




OUTEIRO SIX LONGA



39 MIRA



63 LANDOI



GALAN CADOS

para más información visite nuestra página web

www.xeneticafontao.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



Uns bos resultados e unhas mellores expectativas

Estimados gandeiros e gandeiras:

Acabamos de pechar o programa do ano 2004, coa participación no I Concurso Luso-Galaico da Raza Frisia, no que as nosas ganderías acadaron os bos resultados que podeades apreciar neste número da nosa revista.

Esta iniciativa, froito dos acordos e boas relacións existentes entre Fefriga, APCRF e Semana Verde, foi posible grazas á colaboración coa que contamos en todo momento tanto dos gandeiros que cederon os seus animais, coma das administracións galega e portuguesa que se encargaron de preparar a documentación e facilitar todos os trámites necesarios para o traslado de animais entre países. A todos eles, aproveito para transmitirllas o noso agradecemento.

Asemade, no que respecta á traxectoria de Fefriga ao longo do pasado ano da que neste número apórtanse abundantes datos, é de destacar o constante fortalecemento da nosa federación e, por extensión, do sector leiteiro galego.

Por todo isto quero manifestarvos, no nome da Xunta directiva e no meu propio, o noso agradecemento pola colaboración que prestastes ao longo do ano para acadar estes éxitos e solicitarvos o voso apoio para acometer os eventos previstos para o 2005. Destes, quero destacar, pola súa importancia e significación, a celebración do Concurso Autonómico Fefriga '05 e da IX Subhasta Top-Bos, que terá lugar en Silleda os vindeiros 17 e 18 de xuño e nos que esperamos contar coa presenza de todos vós.

Luis Seoane Labandeira
Presidente de Fefriga



sumario

Resumo actividade Fefriga 2004	4
Concurso Luso-Galaico da Raça Holstein Frisia	6
Resultados	
Galería Fotográfica	
IX Subhasta TOP-BOS	10
Actualidade	11
Visita do Conselleiro	
Campionas galegas '04	
Libro xenealóxico	12
UTE-BOS	14
Axenda	15

Editado por:

FEDERACIÓN FRISONA GALEGA
R/ Melide, 25-27 - baixo
15704 Santiago de Compostela
A Coruña • España

Tel./Fax: +34 981 573 879
 +34 981 573 775

e-mail: fefriga@fefriga.com
Web: www.fefriga.com

Director: Françesc X. Grau
D.L.G.: PO-187-99

Xunta Directiva

Presidente: Luis Seoane Labandeira
Vicepresidente: José Manuel López Tellado
Secretario: Rafael Méndez Guerra
Tesoureiro: Juan Álvarez Losada
Interventor: Álvaro José Castro Fernández
Vocais: Francisco Manuel Penabaz Pita
 Antonio Pérez Castro
 José Manuel Mandriñán Castro



resumo de actividade '04



Datos xerais

Socios en activo

CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
1.375	2.375	37	752	4.539

Reproductoras (femias de máis de 2 anos)

CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
65.375	96.415	2.114	23.847	187.751

Total de animais

CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
90.407	134.411	3.076	32.566	260.460

Rexistro

Animais nacionais rexistrados no ano

CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
17.933	26.732	675	6.291	51.631

Animais importados rexistrados no ano

CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
1.745	1.524	4	309	3.582

Animais importados rexistrados (por país de orixe)

DEU	BEL	DAN	FR	HOL	IT	TOTAL
1.508	17	29	638	1.384	6	3.582

Total animais rexistrados no ano, por categorías e porcentaxe

PROVINCIA	REX. AUXILIAR / A		REX. AUXILIAR / B		REXISTRO SELECTIVO		TOTAL
	ANIMAIS	%	ANIMAIS	%	ANIMAIS	%	
CORUÑA	4.653	23,6	2.155	11,-	12.870	65,4	19.678
LUGO	5.489	19,4	4.309	15,2	18.458	65,3	28.256
OURENSE	69	10,2	74	10,9	536	78,9	679
PONTEVEDRA	1.245	18,9	868	13,1	4.487	68,-	6.600
TOTAL	11.456	20,8	7.406	13,4	36.351	65,8	55.213

Estructura das explotacións

Media de reproductoras por explotación
(femias de + de 2 anos)

CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
48	41	57	32	41

Media de animais por explotación
(todas as idades)

CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
66	57	83	43	57

Pais dos animais rexistrados en 2004

Orixe do pai e número de fillas

	DEU	ESP	NLD	FRA	USA	CAN	ITA	OUTROS	TOTAL
TOUROS	670	596	385	224	223	82	71	30	2.281
FILLAS	1.945	24.137	1.391	1.235	4.037	9.470	1.554	45	43.814

Pais con 5 ou máis fillas e porcentaxes

ORIXE	Nº TOUROS	Nº FILLAS	% FILLAS
ESP	293 (177)*	23.512 (21.386)*	56,9 (51,8)*
CAN	46	9.409	22,8
USA	73	3.789	9,2
ITA	27	1.472	3,6
DEU	69	1.137	2,8
NLD	50	974	2,3
FRA	55	990	2,4
GBR	1	8	-
TOTAL	614	41.291	100

*Touros do programa de mellora gandeira

Touros con máis de 1.000 fillas rexistradas no 2004

NOME DO TOURO	Bos Mason LOURO	Bos Emory FONTANS	Comestar LEE	Sumersshade INQUIRER	Comestar LHEROS	CUBEIRO	Bos Blackstar LÉREZ	Edgemont Wade SIX
FILLAS 2004	2.496	2.427	1.659	1.465	1.461	1.303	1.258	1.134

Resultados do I Concurso Luso-Galaico '04 da Raça Holstein Frisia (Aveiro)



NOVILHAS DOS 14 AOS 18 MESES

1º premio

REY 368 RIQUIÑA LHEROS

S.A.T. REY DE MIÑOTELO - A PASTORIZA - LUGO

JOVEM CAMPEÃ LUSO-GALAICA

NOVILHA GRANDE CAMPEÃ LUSO-GALAICA



NOVILHAS DOS 18 AOS 24 MESES

2º premio

LOUZAO LEADER AVEIRA

LUIS LOUZAO - SILLEDA - PONTEVEDRA



VACAS SECAS

1º premio

BOS ASTRE BAIÑA

MARINA MOSQUERA - SILLEDA - PONTEVEDRA

(foto correspondente ao Concurso Nacional Conafe '03)



VACAS EM LACTAÇÃO DOS 30 AOS 36 MESES


1º premio

POZO LEE 4760

CASA POZO - LUGO

**VACA CAMPEÃ JOVEM
LUSO-GALAICA**

Agradecemos a
sua participação
no I Concurso
Luso-Galaico '04




VACAS EM LACTAÇÃO DE 3 ANOS

2º premio

ROSALÍA JAMES

TOMAS CANCIO BOUSO - RIBADEO – LUGO




VACAS EM LACTAÇÃO DE 4 ANOS

1º premio

REY 289 MACEIRA RUDOLPH

S.A.T. REY DE MIÑOTELO - A PASTORIZA – LUGO

VACA CAMPEÃ INTERMÉDIA



VACAS EM LACTAÇÃO DE 5 ANOS

1º premio

SEIXO WADE RITA

CASA POZO - LUGO – LUGO

VACA CAMPEÃ ADULTA

VACA GRANDE CAMPEÃ LUSO-GALAICA

MELHOR ÚBERE LUSO-GALAICA



VACAS EM LACTAÇÃO DE MAIS DE 6 ANOS

2º premio

AGRORTEGAL GALLETERA JUROR


GRANXA CAXIGUEIRA - ORTIGUEIRA – A CORUÑA



Luis Louzao Fernández
Gandería Marina Mosquera
Granxa Caxigueira
Outeiro, C.B.
Casa Pozo
SAT Rey de Miñotelo
Tomás Cancio Bouso

**Mejor Región
Galicia**

Trofeo entregado
polo Excmo. Ministro
de Agricultura de Portugal





IX SUBHASTA TOP-BOS



O próximo día 18 de Xuño, dentro das actividades programadas na XXVIII Feria Internacional Semana Verde de Galicia, celebrarase a IX Subasta Top-Bos, na que se porán á venda 25 femias e 4 machos de familias tan recoñecidas como a Aeroflower; a Cubby Barb, a Daisy, a Dellia, a Gypsy Grand, a Hillary, a Laurie Sheik, a Lisas, a Mark Sweet, a Roxy, a Spottie e a Valiant Bess.

Esta subhasta de animais é unha oportunidade única para adquirir xenética de primeiro nivel. Nesta edición é de resaltar a presenza de tres exemplares que cumpren a terceira xeración do programa BOS.

**Para mais información
consulte a nosa páxina web
www.fefriga.com
ou solicite o
Catálogo da Subhasta**



Bos James Marola BB 83 (1°p)



Bos Lee Hilaria ET MB 86 (1°p)



Bos Rudolph Valoira ET MB85

O conselleiro en Fefriga

O pasado día 30 de decembro, o Sr. Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, **Excmo. Sr. D. José Antonio Santiso Miramontes**, visitou as instalacións de Fefriga e mantivo, a continuación, unha reunión coa Xunta Directiva, na que se trataron os temas que neste momento, máis

preocupan e afectan á Federación e aos seus asociados.

Dende aquí, queremos **agradecer a receptividade que o Sr. Conselleiro demostrou** cara aos problemas expostos e o seu compromiso na busca de solucións, así como a súa oferta de diálogo. Estamos seguros

de que, con traballo e esforzo por parte de ambas as dúas partes, podemos atopar solucións axeitadas aos problemas de selección e Mellora da Raza Frisona que temos nestes momentos ou que se presenten no futuro.

Concursos



Os Concursos permítennos aos criadores de Gando Frisón Selecto, concentrar, valorar e admirar os **animais máis destacados da Raza**. Por iso, xogan un papel de capital importancia, tanto dende o punto de vista formativo como dende o punto de vista comercial.

No aspecto formativo os concursos permítennos:

- **Avaliar o progreso** que morfoloxicamente, ano tras ano, se vai conseguindo a través dos Programas de Selección, no conxunto da Cabana Gandeira.
- **Detectar e valorar as tendencias de selección** e as liñas xenéticas, así como cruzamentos máis interesantes.
- **Comparar o nivel dos nosos animais** respecto aos do resto de criadores participantes.
- **Facilitar contactos entre ganderiros** que posibiliten o intercambio de opinións e experiencias, tanto sobre a selección coma noutros campos (alimentación, manexo, etc.)

No aspecto comercial os concursos permítennos:

- **Promocionar as nosas ganderías** e, á súa vez, revalorizar os animais premiados e a súa descendencia.
- **Contribuír á promoción dos Programas de selección** así coma dos animais criados nunha determinada zona, provincia, comunidade autónoma ou país.

Con este número achegámosche un **póster cos animais da nosa Comunidade que máis brillaron nos Concursos** Autonómicos Fefriga '04, Internacional Semana Verde '04, Nacional Conafe '04 e Luso-Galaico '04.

**¿Estarán as túas vacas entre as mellores de 2005?
Se participas poderalo comprobar**

Libro xenealóxico

Xaneiro '05: cambio de base en índices xenéticos

Os méritos xenéticos dos animais sempre se expresan en relación a unha base xenética de referencia. En España, e na maioría dos países, esta base de referencia está definida, actualmente, polas vacas nadas en 1995. Pero a recomendación internacional é que se actualice cada cinco anos. Por iso, a partir de xaneiro de 2005, a base xenética de referencia pasará a estar definida polas vacas nadas en 2000.

Para os caracteres de produción e tipo incluídos no ICO, na táboa amósanse os índices xenéticos medios das vacas nadas en 1995 e as nadas en 2000 –expresados na base xenética antiga e na nova–. Como se ve, para actualizar a base tan só hai que restar a todos os índices xenéticos, o índice medio das vacas nadas en 2000. Desta maneira, o índice medio das vacas nadas en 2000 é cero.

Índices xenéticos medios (Xullo 2004) das vacas nadas en 1995 e 2000 nos caracteres de produción e tipo do ICO, expresados na base antiga e na nova

	Base antiga		Nova base	
	Medias Vacas Nadas 1995	Medias Vacas Nadas 2000	Medias Vacas Nadas 1995	Medias Vacas Nadas 2000
Kg Leite	0	+408	-408	0
Kg Graxa	0	+12	-12	0
Kg Proteína	0	+13	-13	0
% Proteína	0,00	+0,01	-0,01	0,00
IPP	0,00	+0,43	-0,43	0,00
ICU	0,00	+0,67	-0,67	0,00
IGT	0,00	+0,74	-0,74	0,00

Cando houbo progreso xenético, o cambio de base supón que diminúe o valor da proba. Por exemplo, o touro SIX –primeiro touro español por ICO– ten en xullo de 2004 una proba de kg de leite de +1124, pero, se a expresáramos

respecto á nova base, a súa proba sería +716 (1124-408). Pero, como a todos os touros, réstalles a mesma cantidade e non varían nin a ordeñación dos touros nin as diferenzas entre as súas probas. O mesmo ocorre coas vacas.



Normativa Libro Xenealóxico

1.- Prazo de inscrición

O prazo máximo para rexistrar animais, pola vía da Declaración de Nacementos, é de 3 meses posteriores ao nacemento. No caso de devolucións, o prazo máximo para corrixir erros ou engadir datos é de dous meses, a partir da data da súa devolución. Transcorrido este prazo, esixirase unha proba de paternidade ou serán inscritos no Rexistro Auxiliar “Categoría A”.

2.- Tramitación de documentación

Os documentos e solicitudes que se presenten para a inscrición de animais no rexistro, a fusión de explotacións, as transferencias de animais, a actualización de censos, as modificacións de conta e/ou de domicilio social, etc., deben, **obrigatoriamente**, estar asinados polo solicitante. Igualmente, deberá estar cumprimentada a data en que se realiza esta solicitude.

As Declaracións de Nacementos deberán ser remitidas debidamente cumprimentadas. A falta do nome ou número de rexistro dalgún dos pais, ou calquera outro dato, dará lugar á devolución da documentación.

3.- Cualificación morfolóxica

Para que as avaliacións xenéticas sexan o máis precisas posible, é necesario valorar todas as fillas dun semental inscritas no Libro Xenealóxico. Por iso, ademais de realizarlles o Control Leiteiro e, de acordo co que establece o Regulamento do Libro, recordamos a todos os socios **a obrigatoriedade de cualificar** (se é posible, no primeiro parto) todas as vacas da explotación.

4.- Animais procedentes de Transplante Embrionario

Para rexistrar animais procedentes de Transplante Embrionario, é necesario remitir á oficina de Rexistro, a seguinte documentación:

- Probas de Paternidade da Doante (se non foran remitidas con anterioridade).
- Certificado da recolleita no que consten todos os datos xenealóxicos dos proxenitores (pai e nai), data da recolleita, nº de embrións recoleitados, identificación das palletas (no caso de conxelados), así como os datos de quen a realizou.
- Certificado de Transplante na que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.
- Declaración de Nacemento do animal debidamente cumprimentada, facendo constar que procede de Transplante Embrionario así como o C.I.B. da receptora.

Xornada científica

Tendo en conta o progreso xenético e mellora morfolóxica dos animais que se poden lograr a través da correcta utilización da Técnica de Transplante de Embrións, e co obxectivo de contribuír ao seu coñecemento utilización e expansión, a Federación Frisona Galega e Laboratorios Fatro&Uriach, en colaboración coa Consellería de Agricultura, o Colexio de Veterinarios da Coruña, a Facultade de Veterinaria de Lugo e a Agrupación Servive, organizaron o pasado día 26 de Novembro un curso de transferencia embrionaria, impartido polos técnicos da UTE de BOS D. Daniel Martínez e D. Ismael Fernández ao que asistiron 10 veterinarios especialistas en reprodución.

O curso estruturouse en base a unha parte teórica e outra práctica. Na parte teórica, que se impartiu nas instalacións do Centro

de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo, tratouse sobre a técnica de Transplante Embrionario, tratamentos hormonais etc., estudando ademais matrices e ovarios obtidos dun matadoiro. A clase práctica realizouse na gandería Ugasma, cuio propietario cedeu e preparou a tal fin 14 animais cos que os alumnos puideron realizar prácticas sobre todo o proceso que conleva o transplante de embrións, dende a palpación e avaliación "in vivo" de matrices e ovarios ata a desconxelación, valoración e implante de embrións.

Unha vez rematado o curso os alumnos recibiron un diploma acreditativo emitido polo Colexio de Veterinarios da Coruña e pola Facultade de Veterinaria de Lugo. Dado o interese que este curso suscitou entre os especialistas en



reprodución, as entidades organizadoras e colaboradoras do mesmo, decidiron repetir a experiencia, polo que durante 2005 realizaranse outros 6 cursos (un cada dous meses), limitados por motivos de operatividade, a 6 alumnos cada un.

O programa en Internet

Partendo dos embrións elite que adquire o Programa de Mellora Gandeira, o obxectivo básico da UTE é continuar as extraordinarias familias de vacas das que estes proceden e multiplicar ao máximo —vía Transferencia Embrionaria— a súa excepcional xenética. Con esta premisa mantense na Finca de Bos un rabaño permanente de vacas doadoras, cuos embrións se poñen á venda concedendo absoluta preferencia para a súa adquisición aos criados-

res de Frisón selecto de Galicia.

Co obxectivo de manter informados a todos os socios e clientes potenciais, a finais de 2003 creouse na nosa páxina web un apartado no que figuran as xenealoxías, datos de produción e cualificación de todas as vacas doantes, así como os embrións dispoñibles en cada momento. Dáse, ademais, a posibilidade de poder realizar automaticamente a compra dos que a cada gandeiro lle poidan interesar.



Este sistema, ademais de ter contribuído eficazmente á promoción dos Programas e Gandería de Galicia e de ter achegado aos nosos asociados información clara, puntual e transparente sobre o stock de embrións e familias das que proceden, revelouse como un medio de comercialización ideal, xa que en 2004, o 35'2% dos embrións producidos na UTE de Bos foron comercializados vía Internet.

Avaliación xenética

Xaneiro 2005

Índices xenéticos		Media Bos	Media Galicia	Media Nacional	Desviación Bos/Nacional
Kg Leite		+477	-133	-80	+557
Kg Graxa		+16	-2	-2	+18
Kg Proteína		+15	-4	-3	+18
Índice de Capacidade		+0,78	-0,19	-0,07	+0,85
Patas e Pes	Vista Lateral	+0,16	-0,09	-0,02	+0,18
	Vista Posterior	+0,20	-0,08	-0,06	+0,26
	Angulo Podal	+0,30	-0,06	-0,01	+0,31
	Índice Patas e Pes	+0,50	-0,10	-0,06	+0,56
Ubre	Inserción Anterior	+1,01	-0,27	-0,13	+1,14
	Inserción Posterior	+0,85	-0,24	-0,12	+0,97
	Profundidade	+0,56	-0,02	+0,01	+0,55
	Colocación Pezóns Ant.	+0,78	-0,18	-0,10	+0,88
	Ind. Comp. Ubre	+1,05	-0,20	-0,10	+1,15
Índice Global Tipo		+1,17	-0,27	-0,14	+1,31
ICO		+1543	+627	+710	+833

- 5 de Marzo Subhasta en Castro Riberas de Lea
- 12 e 13 de Marzo XI Concurso-Subhasta de Gando Frisón "Feiradeza '05"
- 17 ao 20 de Marzo VIII Concurso Nacional de Primavera. Conafe '05 (Torrelavega)
- 2 e 3 de Abril XIX Concurso de Gando Frisón Moexmu
- 9 e 10 de Abril VII Subhasta de Novillas de Raza Frisona Santa Comba '05
- 17 de Abril Subhasta en Monterroso
- 28 de Maio Subhasta en Castro Riberas de Lea
- 15 ao 19 de Xuño 28ª edición Feria Internacional Semana Verde de Galicia
- XXVII Concurso Internacional Frisón Semana Verde '05
- XIV Concurso Autonómico de Raza Frisona FEFRIGA '05
- XXI Concurso de Xóvenes Manexadores Semana Verde '05
- IX Subhasta TOP-BOS
- V Concurso de Pintura FEFRIGA '05

- 27 ao 29 de Xullo XIX Escola de Xuíces Gandeiros FEFRIGA '05
- 3 e 4 de Setembro X Concurso Frisón de Becerra Selecta na Estrada
- 29/09 ao 02/10 XXVII Concurso Nacional de Outono. Conafe '05 (Xixón)
- 29 e 30 de Outubro XIV Concurso de Gando Frisón de Chantada
- 5 de Novembro Subhasta en Castro Riberas de Lea
- Decembro II Concurso Luso-Galaico da Raça Holstein Frisia

axenda 2005

IX Subhasta Top. Bos
18. Junio. 2005
Silleda



www.fefriga.com